

Decreto

Ilma. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

ASUNTO: APROBACIÓN DE LISTA DE RESERVA PARA A COBERTURA INTERINA DE PRAZAS DE ARQUITECTO/A DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día catro de novembro de dous mil vinte, adoptou, entre outros o acordo 13/548 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE ARQUITECTO/A PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO E UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2018), convocada mediante o decreto 7326/2020 de data 19/11/2020, publicada no BOP de Lugo número 286, do 14 de decembro de 2020.

Conforme á base oitava destas bases específicas, unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionaria/o de carreira, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, alomenos aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Á vista do acordo 18/594 adoptado na Xunta de Goberno Local do día 25 de setembro de 2019 de APROBACIÓN DAS BASES XERAIS QUE REGULAN A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO que establece na base Segunda:

“SEGUNDA.- CREACIÓN DAS BOLSAS DE TRABALLO

1.- As bolsas de traballo crearanse como consecuencia de:

a) A realización das “probos selectivos” para o acceso á función pública no Concello de Lugo ou para o acceso á condición de persoal laboral fixo. Constituirase unha bolsa de traballo cos/as aspirantes que, ao menos, superasen o primeiro exercicio. Esta bolsa terá unha vixencia de tres anos desde a súa aprobación, salvo que con anterioridade á dita data se constituía unha nova bolsa que a substitúa como consecuencia dun proceso selectivo ou en caso contrario sexa necesaria a súa prórroga polo tempo que se determine polo órgano competente en caso de urxencia e necesidade debidamente acreditada no expediente.

Esta bolsa usarase para a cobertura interina ou temporal en calquera dos supostos sinalados na base primeira.”

Unha vez rematado dito proceso selectivo e vista a proposta do tribunal de selección do 27.06.2022, publicada no taboleiro de anuncios deste Concello e páxina web:

O Tribunal do proceso selectivo de referencia na sesión de data 27.06.2022 acordou por unanimidade:

"(...) TERCEIRO.- Publicar a seguinte lista de reserva das 6 persoas opositoras que non superaron o proceso selectivo pero que aprobaron ao menos o primeiro exercicio obligatorio e eliminatorio da oposición para o acceso en propiedade a dúas prazas de arquitecto/a funcionario/a de carreira do Concello de Lugo mediante oposición libre (OEP 2018), ordenada por orde decrecente de puntuación total:

- 1ª. Sobral Viñas, Lucía (6.55 puntos)
- 2ª. Núñez Fernández Jennifer (6.15 puntos)
- 3ª. Riveira Fonpedriña, Tania (6.00 puntos)
- 4º. Alonso Carrasco, José María (5.53 puntos)
- 5º. Pasarín Castro, Pablo Ricardo (5.25 puntos)
- 6º. Ruíz Valencia, Alberto (5.23 puntos)

Contra as resolucións e actos de trámite do tribunal, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local. O prazo de interposición será dun mes.

Esta Concellería, en base á delegación de atribucións por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019 RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a lista para a cobertura interina de prazas de funcionario/ a na categoría de ARQUITECTOS/AS, dende a que se irá chamando os candidatos/as pola orde de puntuación obtida por cada un deles/as, cando sexa necesario proceder á cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, á vista da proposta do tribunal de selección, de data 27/06/2022, publicada no taboleiro de anuncios deste Concello e páxina web é a que a continuación se indica:

Nº Orden	Apelidos e Nome	DNI
1	Sobral Viñas, Lucía	***1825**
2	Núñez Fernández Jennifer	***4770**
3	Riveira Fonpedriña, Tania	***5099**

4	Alonso Carrasco, José María	***3585**
5	Pasarín Castro, Pablo Ricardo	***5309**
6	Ruíz Valencia, Alberto	***0836**

Segundo.-A mencionada lista para a cobertura interina se regirá por as BASES XERAIS QUE REGULAN A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO aprobadas por acordo 18/594 adoptado na Xunta de Goberno Local do día 25 de setembro de 2019.

Terceiro.- Que se proceda á súa publicación na páxina web e taboleiro de anuncios, coa indicación de que a presente resolución pon fin á vía administrativa e que contra a mesma, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo, poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Xulgado deste orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación. Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte á súa publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñelo recurso contencioso administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.